

Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno para o luns, 27 de abril de 2026, ás 10.00 horas.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 a Xunta de Goberno deberá realizar sesión ordinaria cunha periodicidade semanal.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno, nos seguintes termos:

**DÍA:** 27 de abril de 2026

**HORA:** 10:00 horas en primeira convocatoria\*

**LUGAR:** Sala de Xuntas do Pazo Provincial

\* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente unha (1) hora despois.

A orde do día da sesión será a seguinte:

### **1. 2026/16D/XGL PRESIDENCIA**

Aprobación da acta da sesión anterior, ordinaria, do día 20 de abril de 2026.

### **2. 2025/17327G PRESIDENCIA**

Expropiación forzosa para a execución das obras de “muro contención en estradas provinciais lote 3 OU-0513 Rairo - Cumial p.q 1+310- 1+520, N° 25prx0002, no termo municipal de Ourense.

### **3. 2026/6412P PRESIDENCIA**

Aprobación das bases reguladoras da convocatoria do concurso para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas, correspondentes ao exercicio 2026. Importe: 60.000,00 euros.

#### **4. 2026/6807N PRESIDENCIA**

Aprobación das bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións mediante concorrencia competitiva a concellos, destinadas á adquisición, rehabilitación e/ou mellora da vivendas destinadas ao aluguer residencias. Ano 2026. Importe: 1.200.000,00 euros.

#### **5. 2026/6814L PRESIDENCIA**

Aprobación das bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a concellos da provincia de Ourense de menos de 5.000 habitantes, para a confección de cartografía dixital do Rueiro Municipal e elaboración e colocación de placas de identificación, correspondentes ao exercicio 2026. Importe: 100.000,00 euros.

#### **6. 2026/6686Y PRESIDENCIA**

Aprobación das bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións para gastos de investimento das asociacións veciñais de Ourense correspondentes ao exercicio 2026. Importe: 100.000,00 euros.

#### **7. 2025/20238V PRESIDENCIA**

Modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais do exercicio 2026 en relación con actuacións no Concello de Bande.

#### **8. 2025/20251F PRESIDENCIA**

Modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais do exercicio 2026 en relación con actuacións no Concello de Carballeda de Valdeorras.

#### **9. 2025/20311K PRESIDENCIA**

Modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais do exercicio 2026 en relación con actuacións no Concello de Padrenda.

#### **10. 2025/20376V PRESIDENCIA**

Modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais do exercicio 2026 en relación con actuacións no Concello de Xunqueira de Espadañedo.

#### **11. 2026/582Y PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello de Larouco, para Estabilización de edificación en Larouco, (almacén sito na rúa Seoane 25). Importe: 100.000,00 euros.

#### **12. 2026/587B PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello de Laza, para urbanización e acondicionamento entorno da residencia de maiores de Laza. Importe: 35.000,00 euros.

#### **13. 2026/641L PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello do Pereiro de Aguiar, para “eficiencia enerxética en Lamela e outros”, importe: 50.000,00 euros.

#### **14. 2026/690E PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello de San Cristovo de Cea, para arranxo de parque infantil en Cea e Oseira. Importe: 40.000,00 euros.

#### **15. 2026/713E PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello de Viana do Bolo, para melloras zona “O Campiño”. Importe: 15.000,00 euros.

## **16. 2026/717A PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello de Vilamarín, para mellora da capa de rodadura na capitalidade do municipio. Importe: 40.000,00 euros.

## **17. 2026/728Z PRESIDENCIA**

Subvención a favor do Concello de Vilar de Santos, para “reforma e humanización da praza do concello”, importe: 30.000,00 euros.

## **18. ASUNTOS DE URXENCIA.**

## **19. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

## **20. ROGOS E PREGUNTAS.**

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.